www.sancibrao.es

SAN CIBRAO DAS VIÑAS

Número 28 | Boletín de información e actualidade municipal | Outono 2016

Polígono

O Concello de San Cibrao das Viñas recibíu o apoio da Xunta e da Deputación para acometer en 2016 novos proxectos de obras. A rexeneración de estradas e máis beirarrúas supoñen outro avance na seguridade vial.

Currás

Os veciños e veciñas de Currás disfrutan xa do novo centro social, construído polo Concello en terreos adquiridos ao Bispado de Ourense, no antigo predio parroquial. Tamén conta con un parque infantil e outro biosaudable.

Nova web

O Concello mellora a información aos cidadáns renovando a páxina web e cunha conta en Facebook desde a que se poden acceder a comunicacións oficiais, eventos e noticias de interese sobre servizos e novas municipais.

Dotación de novos servizos e infraestruturas municipais

A conselleira da Xunta Ethel Vázquez e o alcalde, Pedro Fernández, durante a sinatura do convenio para mellorar a iluminación no Polígono Industrial "David Ferrer"

O novo centro social de Currás, concebido como un espazo de reunión e de lecer

O centro social de Currás é un moderno edificio concebido para a reunión dos veciños e veciñas en actos festivos ou culturais, e como un lugar de lecer e de encontro, no que disfrutar dunha partida de cartas ou de dominó ou dunha agradable charla entre veciños e amigos. O alcalde, Pedro Fernández, acompañado por varios membros do Goberno municipal de San Cibrao das Viñas, do cura párroco e de numerosos veciños e veciñas, presidíu a inauguración oficial, o pasado 15 de xullo. "Felicito a todas as persoas de Currás -asegurou tralo descubrimento dunha placa conmemorativa- por esta obra importante para a parroquia e o noso concello e anímoos a que a partir de agora e durante moito tempo disfruten e fagan bo uso destas instalacións".

A obra tivo un custe de 83.380 euros, aportados íntegramente polo Concello de San Cibrao das Viñas. Ademais, instaláronse na parte posterior un parque infantil e outro biosaudable *(nas imaxes inferiores)*, con aparellos de ximnasia adaptados ás persoas de máis idade. O Concello tamén realizou obras de mellora das beirarrúas que dan acceso a este novo centro social.

Parque infantil

Parque biosaudable

A Deputación e o Concello colaboran na captación de investidores e na atracción de empresas para o Polígono Industrial

O presidente da Deputación de Ourense, Manuel Baltar, e o alcalde de San Cibrao das Viñas, Pedro Fernández, asinaron no Pazo Provincial un convenio de colaboración entre ámbalas dúas administracións que permitirá analizar novas estratexias de captación de investidores e atracción de empresas para o Polígono de San Cibrao das Viñas, xunto con accións de promoción que levará a cabo o Concello para poñer en valor os recursos turísticos do municipio, como as rutas de sendeirismo e algúns enclaves paisaxísticos, como o de A Boutureira. O investimento total para as liñas de promoción empresarial e turística que achegan o Goberno provincial e o Concello de San Cibrao das Viñas ascende a 42.000 euros.

O acordo entre Deputación de Ourense e Concello de San Cibrao contempla a elaboración dun documento que recollerá as estratexias para levar a cabo traballos de prospección de mercado, identificación de sectores clave, para os que o Polígono ofreza especiais vantaxes, e definiranse tamén liñas de promoción internacional. ■

Visita da delegada da Xunta de Galicia ás obras do parque infantil de Santa Cruz

A delegada territorial da Xunta en Ourense, Marisol Díaz Mouteira, visitou en Santa Cruz da Rabeda as obras de rehabilitación do parque infantil, acompañada polo alcalde, Pedro Fernández, e os concelleiros Mónica Prieto e Jorge Cid. Neste proxecto, a Administración Autonómica aportou 26.000 euros ao abeiro das axudas da orde de Infraestruturas de Uso Público da Vicepresidencia da Xunta, e o Concello de San Cibrao das Viñas, outros 14.000 euros. O obra consistiu na instalación de novas unidades de xogos infantís homologadas nunha zona que se dotou con pavimento amortecedor de parque infantil; a instalación de mobiliario -bancos e papeleira-; a creación dunha zona de areeiro e a rehabilitación do peche do recinto.

Pedro Fernández xustificou a necesidade de executar estas obras esgrimindo que o antigo parque infantil presentaba unha serie de deficiencias que eran necesarias emendar para mellorar a súa funcionalidade e adaptala á normativa vixente.

Avance nas infraestruturas

Os proxectos de obras aportaron un alumeado no Polígono e melloras en estradas, pistas e camiños

O Concello de San Cibrao das Viñas acometeu de novo, en 2016, un importante esforzo para mellorar infraestruturas importantes e dotar de novos servizos aquelas zonas que presentaban algunha carencia. A iluminación no acceso ao Polígono desde a N-525 e os traballos de construción de beirarrúas e de rexeneración de varios tramos de estradas e camiños contribúen, de paso, a mellorar a seguridade vial. Foi un esforzo continuado no tempo do Concello, que contou co apoio económico da Xunta de Galicia e da Deputación Provincial de Ourense.

Ampliación do alumeado na estrada nova de Ponte Noalla a Reboredo

Un convenio entre a Consellería de Infraestruturas e vivenda e o Concello de San Cibrao das Viñas permitíu investir 40.200 euros na ampliación do alumeado público no acceso ao Polígono Industrial "David Ferrer", a través estrada OU-538 que comunica Noalla e Reboredo. A iniciativa partíu do propio Concello, quen presentou á Axencia Galega de Infraestruturas unha memoria para a implantación do alumeado na marxe dereita coas mesmas características do que xa existía na marxe esquerda. Neste proxecto aplicáronse criterios de aforro e eficiencia enerxética, xa que as 14 farolas son de baixo consumo sobre columnas de aceiro de 9 metros de alto, o mesmo que os dous proxectores instalados baixo o viaduto do ferrocarril.

Renovación das redes de saneamento e de pluviais no núcleo de Picouto

A Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio levará a cabo unha actuación para a renovación da rede de saneamento e pluviais no núcleo de Picouto. A conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, Beatriz Mato, e o alcalde de San Cibrao das Viñas, Pedro Fernández, asinaron o convenio de colaboración polo que se executará esta actuación en materia de infraestrutura hidráu-

Iluminación no Polígono

A conselleira de Infraestruturas e Vivenda, Ethel Vázquez, e o alcalde, Pedro Fernández, durante a sinatura do convenio que permitíu instalar 14 puntos de luz na marxe dereita da estrada OU-538, que comunica a N-525 co Polígono.

Mellora de viais na zona industrial

O intenso tráfico de vehículos pesados ocasiona o degaste da capa de rodadura no Polígono. O Concello e a Asociación de Empresarios xestionan con outras Administracións e, nalgún caso, con empresas a reparación dos viais máis transitados.

Acceso á Boutureira

Non resultaba fácil o acceso ata A Boutureira con vehículos a motor, e menos aínda o estacionamento. Estes problemas quedaron resoltos recentemente coa ampliación do camiño desde Loiro. Tamén se mellorou o acceso a pé aos muíños.

Convenio con Medio Ambiente

O Concello acadou a colaboración da Xunta de Galicia para executar a renovación das redes de saneamento e pluviais en Picouto. A conselleira de Medio Ambiente, Beatriz Mato, e o alcalde, Pedro Fernández, rubricaron este convenio.

Beirarrúas en Picouto

A construcción dun novo tramo de beirarrúas supón unha contribución para mellorar a seguridade dos veciños e veciñas que residen e transitan por este núcleo. Tamén se ampliaron recentemente en A Carballeira, Baliñas e Currás.

Rexeneración de estradas e camiños

Como todos os anos, o Concello destina unha cantidade importante do orzamento para obras á mellora da rede viaria local. Os traballos de rexeneración da capa de rodadura de estradas e camiños beneficiaron a varios núcleos de poboación.

lica. O importe do convenio ascende a case 50.000 euros e as obras serán cofinanciadas polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER).

Na actualidade, as tubarias que conforman a rede municipal de saneamento atópanse moi deterioradas debido á súa antigüidade, polo que con esta actuación executaranse as medidas necesarias para a súa substitución, así como para canalizar as augas pluviais que na actualidade discorren na superficie e repoñer os pavimentos danados pola execución das obras.

Reparación de infraestruturas en varias zonas do municipio

O Concello de San Cibrao das Viñas destinou 120.000 euros a traballos de mellora da rede viaria nos accesos a varios núcleos e, nalgúns casos, nas rúas interiores. Este proxecto desenvolveuse durante o mes de setembro e primeiros de outubro, aproveitando a favorable climatoloxía.

Tamén se levaron a cabo, en colaboración coa Deputación Provincial de Ourense, os proxectos contemplados no Plan BASE de obras e servizos: a construcción de novos tramos de beirarrúas na Carballeira e Baliñas, cun investimento de 82.000 euros (cantidade aportada polo Concello e a Deputación). Na Carballeira tamén está previsto o asfaltado dun camiño coa colaboración da Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia, que aporta 12.500 euros.

Outra actuación, a cargo das brigadas do Concello, foi a construción de beirarrúas en Currás cun investimento de 18.000 euros. A maiores, o Concello de San Cibrao das Viñas destinou outros 68.000 euros a mellorar o alumeado do campo de fútbol de Soutopenedo, e 60.000 euros máis á adquisición do terreo sobre o que se edificará o futuro centro social de Belmonte.

Melloras nos accesos e no entorno da área recreativa de A Boutureira

A través do Plan MARCO xestionado pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER) e financiado con fondos europeos traballouse na mellora dun camiño de Outeiro Calvo e nos accesos á área recreativa de A Boutureira. Neste novo proxecto investíronse 58.000 euros.

Tamén en A Boutureira se realizaron outros traballos para mellorar o acceso de vehículos e a creación de zonas de estacionamento, así como a accesibilidade a un dos muíños que existen a carón do río Barbadás. Foi unha obra executada en convenio coa Secretaría Xeral de Turismo da Xunta, que aportou outros 62.000 euros. ■

Pedro Fernández agradece aos empresarios e ás Administracións o seu apoio ao Polígono na celebración do 50 aniversario

A exposición "San Cibrao, o Polígono nunca visto" foi o acontecemento máis importante nas celebracións do 50 aniversario. Un acto que estivo presidido polo titular da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, o presidente do Parlamento, Miguel Santalices, e as primeiras autoridades provinciais, locais e da Asociación de Empresarios.

O alcalde de San Cibrao das Viñas, Pedro Fernández, manifestou sentirse "orgulloso como alcalde do municipio no que naceu e se desenvolve cada día este enclave industrial". Lembrouse "dos que chegaron primeiro e viron nestes terros o lugar ideal para desenvolver a industria", e dos que seguindo a estela dos pioneiros, aló polo 1965, "teñen loitado por dotalo de servizos", coa inestimable colaboración das Administracións públicas e da Asociación de Empresarios.

Intervención do alcalde, Pedro Fernández, na exposición "O Polígono nunca visto", e visita do presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, ao expositor do Concello de San Cibrao das Viñas en Expourense.

Colaboración da Xunta co Concello e as zonas industriais de San Cibrao das Viñas

"A colaboración da Xunta de Galicia permitíu completar a instalación de novas medidas de seguridade no Polígono e na zona comercial Barreiros para ofrecer mellor servizo ás empresas. Este proxecto da Consellería de Economía, Emprego e Industria permitíu a instalación de 6 cámaras de videovixilancia e 26 sistemas con visión nocturna no Polígono e de 5 cámaras máis no de Barreiros. O director xeral de Enerxía e Minas, Bernardo Tahoces, visitou as instalacións industriais de San Cibrao das Viñas para supervisar o seu funcionamento (na imaxe inferior). Na imaxe da esquerda, o alcalde, Pedro Fernández, e a tenente de alcalde, Marta Nóvoa, visitaron á conselleira de Medio Rural, Ángeles Vázquez, para recabar apoio na mellora de pistas e camiños rurais do municipio. Outro membro do Goberno galego, o titular de Economía, Francisco Conde (imaxe dereita), visitou a Asociación de Empresarios do Polígono Barreiros onde destacou que o Plan Integrado de Emprego desenvolto en colaboración coa CEO o ano pasado ten permitido unha porcentaxe de recolocación do 50%. ■

Aprobado o convenio para a posta en marcha do Plan de Transporte Metropolitano

A Xunta de Galicia e os concellos de Ourense, Amoeiro, Barbadás, Coles, Pereiro de Aguiar, Punxín, Toén e **San Cibrao das Viñas** asinaron o convenio para a posta en marcha do Plan de Transporte Metropolitano da Área de Ourense, que terá vixencia ata o 31 de decembro de 2019 e contará cun financiamento de preto de 1 millón de euros, que sumado á achega dos concellos, suporá un financiamento público de 1,44 millóns de euros.

A posta en marcha desta modalidade de transporte público supón, ademais de mellorar a fluidez do tráfico, aforros económicos medios de 600 euros ao ano. A Xunta contribúe co 80% da bonificación no traxecto principal e os concellos co 20% restante.

A Administración autonómica financiará descontos adicionais para os usuarios recorrentes (un 15% máis para os que realicen polo menos 40 viaxes ao mes) e para os membros das familias numerosas (de entre o 20 e o 50% en función da categoría).

Novas oportunidades laborais

O Obradoiro "Terra de Mosteiros 2016" forma en albanelería e xardinería a 20 desempregados

A delegada territorial da Xunta, Marisol Díaz, mantivo unha reunión cos alcaldes dos dez municipios beneficiados por este programa mixto de formación e emprego que se desenvolverá ata marzo de 2017.

San Cibrao das Viñas participa nun novo Obradoiro de Emprego ("Terra de Mosteiros 2016"), a través do convenio entre a Consellería de Economía, Emprego e Industria e a Mancomunidade Voluntaria de Concellos da Comarca de Ourense, integrada, ademais, por Paderne de Allariz, Maceda, Baños de Molgas, Nogueira de Ramuín, Esgos, Parada de Sil, Pereiro de Aguiar, Xunqueira de Ambía e Xunqueira de Espadañedo. A delegada territorial da Xunta e o xefe provincial da Consellería de Economía, Emprego e Industria reuníronse cos alcaldes para explicarlles o funcionamento desta iniciativa mixta de promoción e emprego nas especialidades de xardinería e albanelería que beneficiará a 20 persoas desempregadas.

O obradoiro "Terra de Mosteiros 2016", que iniciou a súa actividade a mediados do mes de setembro, terá unha duración de seis meses e no mesmo a Xunta investirá case 180.000 euros. O alcalde de San Cibrao das Viñas, Pedro Fernández, mostrou a súa satisfacción por poder contar con este novo obradoiro de emprego que ten "un obxectivo claro: dar formación a persoas desempregadas para que logren reinsertarse laboralmente". No noso municipio está previsto que se restauren fontes e lavadoiros e o acondicionamento de zonas verdes. ■

A Asociación de Empresarios do Polígono Industrial desenvolve periódicamente cursos de formación dirixidos a persoas desempregadas (soldadura, comercio exterior, informática,...) e sesións formativas do programa integrado de emprego. Asemade, o Polígono cruza cada semana 2.400 curriculums coas súas ofertas de emprego. O demandante tipo é un traballador de 30 a 40 anos, con estudos de Primaria e Bacharelato. Desde 2016, a Asociación facilitou a contratación de case 100 traballadores nas súas empresas.

O Partido Popular reafirma o seu dominio no concello

O Partido Popular volveu ser a forza política máis votada en San Cibrao das Viñas na doble cita electoral de 2016: o 26 de xuño, na repetición das Eleccións Xerais, e o 25 de setembro, con motivo dos comicios autonómicos. Nesta ocasión, a candidatura *popular* acadou 1.885 votos (61,44%), a considerable distancia dos outros partidos: PSdeG-PSOE, 421; En Marea, 334; Democracia Ourensana, 180; Cidadáns, 94; BNG-NÓS, 83; PACMA, 26; e o resto, 20. O índice de participación en San Cibrao das Viñas foi do 73,28% (nas anteriores, en 2012, fora do 70,78%). Tralo escrutinio a nivel provincial, o PP acadou 9 deputados; o PSdeG-PSOE, 2; En Marea, 2; e o BNG-NÓS, 1.

Entre os novos representantes no Parlamento de Galicia figura a concelleira de San Cibrao das Viñas Marta Nóvoa Iglesias, número 6 na candidatura do PP pola provincia de Ourense, que compaxinará o seu labor como deputada autonómica e primeira tenente de alcalde no Concello.

Resultado das Eleccións autonómicas en San Cibrao das Viñas

Barras de porcentaxes de votos para as candidaturas máis votadas



Cabezas de lista por Ourense

A concelleira Marta Nóvoa, doblemente feliz en poucos días: primeiro, ao ser elexida deputada no Parlamento Galego en representación do PP e, pouco despois, pola súa primeira maternidade.

Eleccións Xerais 26-J

Alta participación e apoio maioritario ao partido de Rajoy

A victoria do Partido Popular nas Eleccións Xerais do 26 de xuño foi tamén clara en San Cibrao das Viñas, aínda que cunha porcentaxe menor que nas Autonómicas. Daquela, o PP acadara 1.619 votos (53,19), superando ás candidaturas do PSdeG-PSOE, 623 (24,47%); Podemos-En Marea-ANOVA-EU, 427 (14,03%) e Cidadáns, 268 (8,8%). Nesta ocasión, o partido animalista PACMA (31) superou a NÓS (BNG, 30), e a outros grupos políticos minoritarios. A participación foi do 73,25%, case catro puntos por riba da media provincial de Ourense (69,82%).



Pedro Fernández Moreiras, alcalde:

"O compromiso do Concello de San Cibrao e das Administracións públicas para potenciar as zonas industriais é total e permanente"

P.- *Nos últimos meses completáronse os actos de celebración dos 50 anos do Polígono Industrial. ¿Qué valoración lle merece esta efeméride?*

Pedro.- En primeiro lugar, teño que confesar a miña satisfacción por celebrar este medio século do Polígono de San Cibrao e síntome especialmente orgulloso como alcalde do municipio no que naceu e se desenvolve cada día este enclave industrial.

P.- *¿Cal é o futuro deste enclave industrial e laboral?*

Pedro.- Aínda que 50 anos parezan moitos, a consolidación e o avance ten que ser diario e constante. Chegar ata este nivel que ten alcanzado o polígono de San Cibrao só se consegue poñendo o mesmo esforzo e ilusión cada día que nos achegamos a el a traballar. É un proxecto que continúa no tempo e que implica por igual ás empresas e ás Administracións públicas, co destacado papel que desempeñan a Xunta de Galicia, a Deputación de Ourense e o propio Concello de San Cibrao das Viñas.

> *"Todos os anos apoiamos diferentes proxectos para mellorar infraestruturas e servizos, como a reforma de estradas, a mellora da iluminación pública e novos sistemas de seguridade."*

P.- *¿De qué forma se implica o Goberno municipal nesa idea de consolidación e de mellora dos servizos nesta zona?*

Pedro.- Sempre apostamos e seguiremos apostando polo futuro industrial de San Cibrao das Viñas. A implicación do Concello é total, no sentido de apoiar calquera iniciativa que poida xurdir da Asociación de Empresarios do Polígono, e tamén da Tecnópole e da Zona Comercial Barreiros, para avanzar na dotación de máis e mellores servizos. Como exemplo temos todos os anos diferentes proxectos, e máis recentemente, a reforma das infraestruturas viarias, a mellora da iluminación pública e a instalación de novos sistemas de seguridade.

P.- *¿Cal é a colaboración das outras Administracións públicas ás que se refire?*

Pedro.- Tanto por parte da Xunta de Galicia como da Deputación ese apoio tamén é permanente. Todos os meses temos aquí a conselleiros que veñen a presentar proxectos e iniciativas que axudan a potenciar o noso Polígono Industrial.

P.- *¿Cómo valora este 2016 desde o punto de vista institucional?*

Pedro.- A inestabilidade política que se respirou pola incerteza das eleccións xerais non afectou ao funcionamento do Concello e podemos dicir que foi un ano positivo, por canto se levaron a cabo moitos proxectos importantes para os nosos veciños e veciñas.

P.- *¿Qué destacaría?*

Pedro.- A inauguración do novo local social de Currás cubre unha necesidade que tiñan nesta parroquia e queremos resolver o antes posible a falta de locais en Belmonte, para o que xa temos os terreos, e Picouto, que está na fase de adxudicación. Tamén se fixeron novos tramos de beirarruas, pensando na mellora da seguridade vial e se reformaron varias estradas locais. O novo ximnasio de Ponte Noalla é outro servizo destacado, o mesmo que iniciativas nos eidos social, cultural e deportivo.

P.- *¿Algún proxecto para 2017?*

Pedro.- Agardamos continuar nesta liña de traballo e de modernización dos servizos municipais.

AS PRIMEIRAS LETRAS

na gardería municipal e nas escolas infantís de Santa Cruz e Ponte Noalla

O novo curso comezou cun nivel de ocupación semellante ao de anos anteriores, tanto na gadería infantil do Polígono como nas escolas de Ponte Noalla e Santa Cruz. Ademais das primeiras letras e conceptos básicos de convivencia, alimentación, tradicións e xogos, cada vez ten máis importancia o coñecemento do inglés e o manexo das novas tecnoloxías.

Gardería Infantil do Polígono

Susana Doval

■ A gardería, xestionada por Escolas Infantís "Os Pequerrechos", acolle a 80 nenos e nenas desde 3 meses a 3 anos. Para a súa directora, Susana Doval, neste curso van "traballar máis coas novas tecnoloxías en todas as aulas, e continuar co inglés que xa comezamos o ano pasado". "A diferencia das garderías tradicionais -asegura-, nós o que temos é un proxecto educativo, trilingüe, con castelán, galego e inglés", o que facilita, despois, o acceso dos alumnos ao primeiro nivel de Primaria.

Eva Peña

Escola Infantil de Ponte Noalla

■ A Escola Infantil de Ponte Noalla atende a 14 rapaces. Tamén aquí continúa un modelo educativo no que están "moi presentes as novas tecnoloxías da información e da comunicación", como salienta a súa responsable desde hai dez anos, Eva Peña. "Tamén desenvolvemos unha atención á diversidade, con unha profesora de audición e linguaxe e outra orientadora", aspecto que destaca Eva. A profesora de audio e linguaxe ten dedicación nas dúas escolas infantís de San Cibrao das Viñas, o que repercute en máis tempo e mellor atención aos nenos e nenas. Outra iniciativa importante para os máis pequenos é a clase extraescolar de música que organiza o Concello.

■ Na Escola infantil de Santa Cruz, Carmen Alonso considera importante "a atención individualizada a nenos e nenas con características especiais, a través dunha coidadora que nos facilita a Xunta de Galicia". O comezo do curso realizouse cun horario flexible durante varios días para algúns dos novos alumnos, en fase de adaptación, de acordo coa dispoñibilidade das súas familias. Tamén o horario lectivo é flexible: en teoría, de 9 a 14 horas, pero algúns pais e nais, por obrigas do seu traballo, deixan aos fillos antes da oficial de apertura e os recollen despois das dúas da tarde. A apredizaxe inclúe inglés dous días á semana e outro optativo de relixión.

Escola Infantil de Santa Cruz

Carmen Alonso

A Banda de Música, orgullo de San Cibrao das Viñas

A Banda Municipal de Música de San Cibrao das Viñas desenvolve un importante labor a nivel cultural en todo o concello, como animadora das festas parroquiais, protagonista de concertos especiais e como estímulo para os alumnos e alumnas da Escola Municipal de Música.

José Miguel Franqueiro é o director da Banda de Música, que integran 25 músicos, a maioría do noso municipio. Da súa xestión encárgase a Asociación Amigos da Música de San Cibrao das Viñas, que coordina Nuria Iglesias, co apoio do propio Concello e axudas puntuais de outras Administracións públicas.

Ao longo dos últimos meses, a Banda de Música participou nas festas de Ponte Noalla, Reboredo, Picouto, Currás, Belmonte e nos actos litúrxicos de Santa Águeda, así como no "II Encontro de Bandas de Música", en Ponte Noalla. Agora prepara o xa tradicional Concerto de Nadal.

Actuación da Banda Municipal en Ponte Noalla, no marco do "II Encontro", xunto á de Xinzo.

Banda Xuvenil, na Escola de Música

O novo curso da Escola de Música Municipal está en marcha desde o pasado 15 de setembro. Os 55 alumnos e alumnas están distribuídos nas seccións de "Música e movemento", para nenos de 4 a 6 anos; "Vento-metal", "Vento-madeira" e "Percusión", que imparten Raúl Álvarez, Efrén Martínez e José Manuel Dopazo. Os rapaces reciben clases de instrumentos cos que tocarán na recén creada Banda Xuvenil de Música de San Cibrao das Viñas e, despois, unha vez que teñan máis experiencia, na Banda dos maiores. ■

Un verán moi especial

Orixinal e divertida resultou a oferta do Concello de San Cibrao das Viñas para que os máis novos poidesen disfrutar dun verán moi especial. Os que participaron no Campamento na Praia, en Cangas, viñeron moi contentos e con gañas de repetir, sobre todo polas actividades acuáticas. Foi unha actividade organizada polo Concello coa colaboración da Deputación.

Desde hai varios anos, Brincacibrao reúne durante unha semana a moitos nenos e nenas (este ano, case 70) co desexo de que se divirtan xogando e aprendendo. O polideportivo municipal convertíuse nun parque de atracción en miniatura, pero suficiente para que todos considerasen curta esta experiencia. A festa da escuma é tamén outro clásico na clausura desta actividade e o anticipo da entrega de diplomas a todos os participantes na última xornada.

MITIGANDO O CALOR

As piscinas de Soutopenedo e Ponte Noalla enchéronse durante os meses de xullo e agosto de moitos veciños e veciñas dispostos a mitigar o calor e a disfrutar no entorno destas instalacións municipais. Os días máis calurosos chegaron a acoller a máis de 200 persoas, controladas en todo momento por socorristas profesionais.

O Concello resolve os últimos trámites para abrir o ximnasio de Ponte Noalla

Pouco a pouco medra a vocación deportiva de San Cibrao das Viñas e o Concello quere dar resposta a esa demanda por parte dos veciños e veciñas. O novo ximnasio construído nas Charcas da Mora, en Ponte Noalla, a carón das piscinas municipais, complemente ao que xa funciona no polideportivo municipal cunha demanda cada vez maior de afeccionados ao deporte ou de persoas interesadas en introducir o exercicio físico nun estilo de vida máis natural e saudable.

O Goberno Municipal de San Cibrao das Viñas asinou coa Xunta de Galicia un convenio para o financiamento do novo ximnasio de Ponte Noalla, que entrará en servizo a finais deste ano ou a primeiros de 2017. A obra ten un custe total de 110.000 euros. O Concello é quen máis aporta (50.000 euros), mentres que Presidencia da Xunta colabora con 40.000 euros e a Secretaría Xeral para o Deporte con outros 20.000. A sinatura do convenio celebrouse na Casa Consistorial de San Cibrao das Viñas por parte do secretario xeral para o Deporte, José Ramón Lete, e o alcalde, Pedro Fernández, en presencia da delegada territorial da Xunta, Silvia Dorado.

Ten capacidade para 80 persoas e estará aberto de 10 da mañá a 10 da noite, de lúns a venres

O ximnasio dispón de aparellos modernos e adaptados a todas as idades

Na sala principal xa están instalados xa todos os aparellos de ximnasia.

¿Cómo son as instalacións? O ximnasio dispón de 247 metros cadrados e, ademais, conta con unha sala anexa para dar clases colectivas de pilates, aerobic, mantemento físico, etc. O edificio complétase cun local de espera ou sala de estar con máquina expendedora de bebidas isotónicas, refrescos, xeles de ximnasia e aperitivos.

¿Cál é a capacidade? Poden estar cómodamente entre 70 e 80 persoas. Dispón de numerosos aparellos modernos e adaptados ás características físicas e cada usuario.

¿Cómo se regulará o acceso? Haberá que ser abonado, con diferentes tarifas para os empadroados e a xente de fóra. O horario será de 10 da mañá a 10 da noite, de lúns a venres.

¿Cándo entrará en servizo? A finais deste ano ou a primeiros do próximo, unha vez resoltos os últimos trámites por parte do Concello.

Deporte e divertimento

Desde os primeiros días de outubro xa están en marcha as actividades para nenos e nenas que se desenvolven no Polideportivo do Concello e na Biblioteca Municipal. Continúan todos os venres laborables as clases de Xadrez, para xóvenes empadroados en San Cibrao das Viñas de 6 a 18 anos. É unha actividade na que colabora a Deputación e que tivo un bo éxito durante o pasado curso (na imaxe, os participantes cos diplomas acreditativos xunto ao alcalde e representantes do organismo provincial). Tamén hai clases de fútbol-sala con dous grupos por idades: de 4 a 7 e de 8 a 12 anos, dous días á semana; e de baile, tamén distribuídos segundo o grao de madurez, todos os venres no Polideportivo Municipal.

Éxito do Polígono na Copa Deputación

Un dos acontecementos deportivos do ano foi a participación do Polígono CF na final da Copa Deputación de fútbol. Moitos afeccionados achegáronse ata o campo do Couto para animar aos xogadores que adestra Miguel Sotelo. Ao final, a victoria foi para o Arenteiro por 1-0, pero o feito de chegar á final despois de superar varias eliminatorias xa supuxo un éxito para o noso equipo de Primeira Autonómica, como reflicte a imaxe dos xogadores e cadro técnico e directivo despois de recibir o trofeo de subcampión.

Cuadrangular de baloncesto

O polideportivo de San Cibrao das Viñas acolleu o Torneo Cuadrangular de Baloncesto, co obxectivo de promocionar este deporte. Gañou na final o Barbadás a O Barco, mentres que o Club de Baloncesto San Cibrao impúxose no partido de consolación ao Xinzo de Limia. Estes catro equipos son rivais tamén na Liga Provincial deste deporte. No descanso houbo actuacións dos nenos e nenas que participan nas clases de baile que organiza o Concello.

Concello, para disfrutar

X ANDAINA POPULAR SAN CIBRAO DAS VIÑAS

RUTAS de SENDEIRISMO 18.SETEMBRO.2016

Un concello, San Cibrao das Viñas, que é o motor industrial e laboral da provincia, pero que conserva aínda as súas raíces rurais e que o fan especialmente atractivo para percorrer a pé ou en bicicleta. A Andaina de San Cibrao das Viñas tivo o pasado 18 de setembro un itinerario único de 17,9 quilómetros, de dificultade media e configuración circular con saída e chegada á Boutureira, despois de pasar por Vilanova, Outeiro Calvo, San Cibrao das Viñas, Rante, Currás e A Torre.

A elite atlética galega e os afeccionados, en xeral, teñen o próximo 11 de decembro unha cita en San Cibrao das Viñas nunha nova edición da Carreira Popular: será a 15ª dunha proba xa clásica no calendario galego e o 3º Campionato Provincial de 10 quilómetros en ruta, por estradas de Ponte Noalla e Reboredo. Agárdase a asistencia duns 850 deportistas, nas distintas categorías, desde 2 anos ata os máis veteranos. A carreira longa, segundo as previsións da comisión organizadora, contará con máis de 600 atletas. O Concello de San Cibrao das Viñas dispón da colaboración de varias firmas comerciais que aportan diferentes agasallos.

VIAXES PARA LEMBRAR

A excursión anual que organiza o Concello de San Cibrao das Viñas é unha oportunidade para coñecer lugares de interese con atractivos turísticos, culturais ou arquitectónicos. En 2016 o destino elixido foi Asturias.

Asturias foi, do 30 de setembro ao 2 de outubro, o destino da excursión que organiza desde hai varios anos o Concello de San Cibrao das Viñas. Máis de 50 persoas viaxaron durante tres días para coñecer vilas costeiras como Navia e Lastres, a conca mineira do Nalón, a comarca da sidra e as principais cidades asturianas. En Avilés visitaron o casco histórico e o Centro Cultural Oscar Niemeyer; en Oviedo, a literaria Vetusta de Clarín, a catedral, a Gascona, as rúas cheas de estatuas e o campo de san Francisco; por último, en Gijón, visitaron o porto e a dársena e a impresionante Universidade Laboral, o edificio máis grande de España.

Moitos dos veciños e veciñas que participaron nesta viaxe a Asturias xa estiveron tamén en anteriores excursións organizadas polo Concello de San Cibrao das Viñas. Uns foron para coñecer novos lugares e outros, polo bo ambiente que se respira. O alcalde, Pedro Fernández, que tamén viaxou por terras asturianas, considera que "é un acerto e unha iniciativa que o Concello quere continuar no futuro".

Edita: Concello de San Cibrao das Viñas
Imprime: RODI Artes Gráficas S.L.
Dep. Legal: OU-16/98